

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 19 DE XANEIRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezanove de Xaneiro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste, Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Manuel Vázquez Gregorio, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os señores membros presentes da Comisión Municipal de Goberno aproban, por unanimidade, o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 13 de Xaneiro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Carlos Pinal Hermida, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. do Ribeairo, 13, 5º C, sobre fraccionamento dunha finca da súa propiedade sita na rúa Ramón Otero Pedrayo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda pór no seu coñecemento un informe técnico dos servicios municipais deste Concello que di o seguinte: "Situación.- Otero

Pedrayo, camiño subida á Franqueirán, estrada subida Piñeiral-N120 e Vicente Risco,.- Segundo plano que aporta a propiedade.- ANTECEDENTES.- O 11 de Marzo de 1994, RE nº 603, os irmáns Pinal solicitan licencia para "Desexan abrir un camiño pola parte posterior dos galpóns dedicados anteriormente á fabricación de ataúdes co fin de ter accerso na parte posterior dos mesmos, sitios na mesma rúa nº 16 desta Vila (Otero Pedrayo)".- (Acompáñase plano).- O 21 de Marzo de 1994, RE nº 691 emítase o seguinte Informe: "Facilitará croquis explicativo do que solicita, a fin de poder informa-lo solicitado". "A apertura de vías de comunicación ten que coincidir coas previsións das NN.SS.". Facilitouse plano a escala 1:200, sin data ni sinatura e que consta no expediente. O 7 de Abril de 1994, RE nº 835 emito o seguinte informe: "ACCESO A GALPONS.- Visto o croquis aportado e comprobando que o acceso non coincide coas previsións urbanísticas.- O acceso que solicitan non terá máis valor que para servizo do solar no seu estado actual e a súa futura urbanización serán en base ás previsións urbanísticas das NN.SS. e con futuro aproveitamento urbanístico, fraccionamento e demais transformacións da finca, serán en base ás previsións urbanísticas das NN.SS.- Acompáñase fotocopia do plano das NN.SS. con viais e aproveitamentos previstos.- Coste do acceso a galpóns, derribo "cobertizo" e entubado da auga ó exterior, 90.000 pesetas.- O entubado da auga que baixa da N-120 na zona de acceso esntubarase en 050 e protección de formigón".- Informe á solicitude do 15 de Novembro de 1994, RE nº 3061.- Informe urbanístico, para fraccionamento da propiedade de 3405 m2.- Informe, as aliñacións e rasantes son as que constan na planimetría das NN.SS..- A normativa urbanística aplicable é: Ambito.- ZP/CHA, zona de protección do Conxunto Histórico Artístico e que se corresponde pola área delimitada por trazos descontínuos.- Ordenanzas de aplicación: 4.8. ORDENANZA CU: Conxunto urbano en conservación parcial de carácter.- Cabe destacar: 4.8.2. AMBITO TERRITORIAL: o sinalado no plano de organización espacial.- 4.8.3.1. USOS ADMITIDOS: Residencial vivenda agrupada. Industria e almacén; talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles o conviventes coa vivenda. Comercial.- Comercio de calquera clase.- Tódolos graos. Dotacional.- Calquera clase de primeiro grao asimilable á ordenanza cerrada.- 4.8.4.1. Condicións de posición. Aliñación e rasantes as de planeamento.- 4.8.4.3. Condicións de edificación. As alturas de cornisa e plantas máximas admitidas no núcleo antigo, edificado en máis das súas dúas terceiras partes, será a media dos edificios existentes, determinada sobre a fronte da mazá ou praza no que esté encravado o solar. O fondo máximo para calquera altura será de 15 metros.- Trátase dun aproveitamento con adosamento obrigatorio entre edificios formando mazá cerrada

e densa, con fondo de edificación de 15 metros e patio de mazá interior. Non se poderá establecer pasos, vías e demais zonas de comunicación que impidan o adosado entre edificios. A porción de terreo de seis metros de ancho e rotulado con "pista de acceso común á parcela" terase que edificar co aproveitamento sinalado na Ordenanza, con independencia da titularidade e considero cumprindo o Decreto 240/1989 do 19 de Outubro sobre habitabilidade de vivendas".

Visto un expediente tramitado neste Concello a instancia dunha denuncia presentada por unha persoa que solicitou o servizo de autotaxi contra Don Arsenio González Rodríguez, titular da licenza de autoturismo nº 16, desta Vila, e vistos tamén os correspondentes informes técnicos que se achan no devantido expediente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda sancionar ó devandito taxista con cinco días de suspensión de licenza, por ser a segunda sanción que lle impón este Concello e, ó mesmo tempo reincidente. A sanción comezará a surtir efectos a partir da data que lle sexa debidamente comunicada por este Organismo municipal.

Visto un escrito presentado neste Concello por Don Benito Hermida Atrio, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Rodríguez Moure, 14, no que interesa que se lle levante a prohibición de continua-la obra paralizada no seu día sita na Praza Maior- rúa Tomás de Lemos e, vistos tamén dous dictames da Consellería de Cultura de datas 10 de Agosto e 23 de Novembro de 1994, que din respectivamente: " Estimar parcialmente as alegacións presentadas por Don Benito Hermida Atrio o 16 de Maio de 1994 no senso seguinte: Aproba-la solución executada na cuberta do edificio no que respecta á vertente dos faldóns.- A cheminea deberáse adaptar ó proxecto aprobado no seu día pola Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Ourense.- A carpintería deberá ser de madeira, pintada en cores branco, verde escuro ou marrón". "Aproba-la solución da cheminea executada no inmovible sito na Praza Maior e rúa Tomás de Lemos de Ribadavia, debéndose revestir de pedra con textura e cor similar á pedra da fachada". A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda levanta-la suspensión de licenza prestando aprobación ó informe técnico emitido polos servizos técnicos do Concello que di o seguinte: "As condicións xerais da licenza terán que axustarse ó acordado polo Director Xeral de Patrimonio Histórico e Documental de data 10 de Agosto de 1994.- A obra terase que retomar introducindo os cambios aprobados por Patrimonio. Terá que solicita-la licenza de primeira ocupación".-

Visto o escrito de Don Secundino Meiriño Martínez, veciño de

Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para unha adega da súa propiedade sita na rúa Aldea, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto.

Visto un expediente que se está a tramitar a instancia de Dona Concepción Rivera Alvarez, veciña de San Cristovo, para proceder á rehabilitación da infravivenda da que é titular no devandito lugar, ó amparo do disposto no Decreto 343/1992, do 26 de Novembro, da Consellería denominada naquel intre de Ordenación do Territorio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo unha subvención do 80% do presuposto con destino á rehabilitación da infravivenda de Dona Concepción Rivera Alvarez, sita en San Cristovo, deste término municipal.- 2º.- Prestar aprobación á memoria valorada polos servicios técnicos deste Concello, cun presuposto de 2.165.450 pesetas.- 3º.- Acepta-los termos do Decreto 343/1992.- 4º.- Facultar ó Sr. Alcalde para acepta-la subvención, no caso de que se lle conceda.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da farmaceutica titular, memoria dos servicios prestados durante o ano 1994.-

Tamén da farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento público de Ribadavia e de San Paio.

Unha vez que se ten intención de levar a cabo as obras de mellora na planta potabilizadora do depósito de Franqueirán, que abastece a auga da Vila de Ribadavia, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda pedir un estudio a varias casas especializadas nesta materia, a fin de poder elixi-lo máis adecuado, a fin de proceder ás obras en cuestión.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á primeira e única certificación da obra denominada "Camerinos Auditorio do Castelo", por importe total de 1.030.746 pesetas, segundo o informe técnico que se acha no expediente.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á segunda certificación da obra denominada "Rehabilitación edificio casa Dona Nona", por importe de 1.815.625, 10 pesetas, segundo o informe técnico que se acha no expediente.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, conceder unha axuda económica por importe de 200.000 pesetas á Asociación Amigos de La Lira, para contribuír a sufragalos gastos que se deriven de editalo segundo disco da súa historia.

Co fin de fomentalo emprego neste Municipio, e tendo en conta diversos aspectos sociais, entre eles, a necesidade de urxente recolocación dos traballadores que perderon o seu emprego pola crise de varias empresas do sector do ataúde, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda concederlle unha subvención á Cooperativa de Ataúdes desta Vila, por importe de 500.000 pesetas, para os gastos de primeiro establecemento da mesma, segundo acordo plenario tomado con anterioridade ó respecto e tendo en conta tamén a propia petición da Cooperativa; esta subvención farase efectiva a medida que se vaian presentando os xustificantes correspondentes.

Por último, a Comisión Municipal de Goberno, coñecido o "Proxecto Modificado Depuradora en Ribadavia", obra nº 117/POL/92, do cal é Enxeñeiro autor do mesmo, Don Manuel Cabezas Enríquez, acorda por unanimidade, rexeita-la aprobación do dito reformado e que a obra se faga segundo o proxecto orixinal. Para axeita-las obras ó Proxecto aprobado no seu día por este Concello haberá que susbsana-las seguintes deficiencias, segundo o correspondente informe técnico obrante no expediente:.- No tramo correspondente á marxe dereita non foron localizadas as cámaras de descarga asemade dos pozos do tramo final correspondente ó campo de fútbol e o seu pozo final; terase que determiñar e comprobar que esta rede de colector, na súa marxe dereita, fica apta para proseguir, en sucesivas fases, ata San Cristovo.- No tramo correspondente á marxe esquerda non foron localizadas as cámaras de descarga; esta rede, no seu discorrer, presenta problemas que se manifestan nos agrietamentos lonxitudinais, asientos diferenciais do firme, un

bache foi reparado con formigón e o derradeiro pozo, o 23, ten unha profundidade de 1,75 metros cando o previsto no proxecto son 5,80 metros. Isto pode significar que a dita rede non se poderá continuar en fases sucesivas ata a estrada N-120 e podermos resolver o tema das redes de sumidoiros nesa zona, que, pola súa situación representa unha área natural de servizos.- No campo municipal de fútbol do Xestal as pranchas de fibrocemento do teito das oficinas que foron danadas polas pedras deben ser substituídas.- Polo tanto, de conformidade co sinalado na lexislación aplicable en materia de contratación de obras, estas executaranse con estricteza suxección ás cláusulas estipuladas no contrato e o proxecto que serve de base ó mesmo. Por outra banda, ata a recepción definitiva o contratista é responsable das faltas que na construción poidan advertirse. Estas incidencias deben ser resoltas pola Administración contratante unha vez coñecidas as deficiencias observadas polos servizos técnicos deste Concello, cofinanciador das obras.

E sendo as oito menos cinco minutos do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal coma Secretario accidental, certifico.